



GREENPEACE



GALEGO

DEMANDAS DE GREENPEACE E A PLATAFORMA EN DEFENSA DA RÍA DE AROUSA (PDRA)

Os océanos e as persoas que viven deles están en crise. Aínda que se progresou moito no plano normativo, débense seguir implementando medidas que salven os mares do mundo, como o **Tratado Global dos Océanos**, que protexerá o 30% das augas internacionais fronte á industria extractiva. Tamén debemos impedir a posta en marcha de novas industrias que aínda non existen, como a minaría submarina, e que xerarían impactos irreversíbeis sobre os ecosistemas mariños. Coidar do océano a nivel global tamén é coidar do litoral, dos seus hábitats, das súas especies e da explotación sostíbel dos recursos pesqueiros e marisqueiros, que determinan en boa medida o carácter e a cultura de moitas rexións do planeta que, como é o caso de Galicia, viven intimamente ligadas ao mar e dependen da súa boa saúde.

○ Conservación e cambio climático:

- **Asegurar o cumprimento dos acordos internacionais de protección do medio mariño** que establecen a necesidade de acadar un 30% dos mares baixo protección e xestión eficaces, e garantir que o 10% do mar quede baixo protección estrita, libre de actividades antrópicas que poidan comprometer a súa saúde ambiental.
- Co obxectivo de garantir a sustentabilidade dos recursos pesqueiros, **estudar a ampliación da rede de reservas mariñas consensuadamente co sector pesqueiro, mexilloeiro e marisqueiro**, naqueles lugares que se requira polo mal estado de conservación de hábitats e especies, ou polo estado de sobreexplotación e mala saúde dos stocks pesqueiros.
- **Crear un plan específico de protección do litoral e as augas costeiras.** Un dos patrimonios naturais máis significativos de Galicia está en crise ambiental e produtiva. O

mar está azoutado pola contaminación, a sobrepesca, o cambio climático, a destrución de hábitats etc. Cómpre protexer hábitats vulnerábeis, abordar o saneamento integral das rías, fiscalizar e penalizar dunha forma disuasoria as verteduras, prohibir o turbinado da manchas de gasoil dos gardacostas de Galicia e o baleirado ao mar dos excedentes das EDAR, así como contar con plans de emerxencia efectivos para retirar as verteduras do mar, no canto de emulsionalos para incorporalos ao medio mariño.

- Esixir que os **protocolos de actuación perante as verteduras** se realicen dun xeito transparente con coñecemento público dos oportunos informes de comités científico-técnicos subscritos con publicidade e independentes de decisións políticas.
- **Elaborar un plan de restauración ecolóxica para as rías** que permita tamén a rexeneración dos bancos marisqueiros tradicionais e de explotación sostíbel.

o Pesca e impactos:

- **Mudar o marco legal de protección das actividades pesqueiras tradicionais:** Cómpre garantir un futuro ás actividades de pesca artesanal, marisqueo tradicional e acuicultura extensiva, polo seu carácter sostíbel, a súa capacidade fixadora de CO2 e por ser un pilar da soberanía alimentaria. Para iso é necesario que se declaren de interese xeral e que se garanta/priorice o exercicio das súas actividades nos Plans de Ordenación do Espazo Marítimo, fronte a outros proxectos ou explotacións que poidan ocupar o seu espazo ou afectalas negativamente.
- **Defender a pesca artesanal, o marisqueo e a acuicultura extensiva tradicional,** coa mellora da xestión dos recursos pesqueiros e os [ecosistemas mariños](#).
- **Protexer os bancos de pesca e as concesións do marisqueo colectivo e a acuicultura extensiva** da introdución de actividades industriais lesivas co medio e os recursos.
- Loitar de maneira efectiva **contra o furtivismo e a introdución de marisco foráneo,** así coma contra a sobreexplotación de caladoiros e a pesca ilegal.
- **Abordar a problemática da substitución xeracional** ao que se enfrenta o sector para asegurar un futuro na pesca e o abastecemento dos recursos pesqueiros sostíbeis para a poboación.
- **Impedir a posta en marcha de novas plantas de celulosa como [Altri](#),** que poñería en perigo non só o río Ulla, senón tamén a ría de Arousa como consecuencia da diminución do caudal e o incremento da contaminación e temperatura das augas do río.
- **Facer fronte á contaminación xerada polos lixiviados procedentes das minas** de Touro e San Finx que seguen a xerar danos na Ría de Arousa e na Ría de Noia e Muros respectivamente. Impedir a reapertura das minas.
- **Facer fronte á contaminación das rías xerada polas verteduras** industriais, das EDAR's, da gandaría intensiva e do uso descontrolado de fitosanitarios, que xeran un grave dano

sobre as rías pola achega excesiva de contaminantes que non poden asumir os ecosistemas.

- **Cambiar a normativa de verteduras a ríos e rías, aplicando parámetros de contaminación máis esixentes** para amortecer a menor taxa de renovación das augas nas rías, derivada do descenso do vento nordeste e consecuente menor afloramento.
- **Mudar a normativa de baleirado de encoros** (como a presa Barrie do Tambre e as de Portodemouros, Brandariz e Touro no Ulla) para impedir a apertura de comportas das presas en mareas baixas, ou realizar unha apertura progresiva tendo en conta as previsións meteorolóxicas. Estas prácticas están a provocar baixadas repentinas de salinidade e moita mortalidade nos bancos marisqueiros.
- **Incluír as enfermidades ou lesións relacionadas co marisqueo na seguridade social**, para dotar ás mariscadoras dos mesmos dereitos que no resto de oficios.

○ **Consumo e turismo:**

- **Apoiar a cadea ecolóxica de proximidade** mediante a creación e mellora de centros loxísticos de apoio e distribución á agricultura e gandaría ecolóxica e pesca sostíbel. Ampliar os mercados agroecolóxicos parroquiais e de barrio e a rede de mercados ambulantes (non sedentarios).
- **Poñer en valor e promover a diferenciación de produtos procedentes das rías galegas** garantindo a súa rastrexabilidade ou trazabilidade e impedindo a comercialización de produtos foráneos etiquetados como procedentes das rías galegas.
- **Fomentar o turismo que recoñeza o valor natural, cultural e patrimonial do territorio**, cunha acaída planificación que teña en conta a capacidade de carga da contorna e busque un equilibrio social e ecolóxico. Introducir taxas turísticas en zonas de turismo masivo.

DEMANDAS DE GREENPEACE Y LA PLATAFORMA EN DEFENSA DA RÍA DE AROUSA (PDRA)

Los océanos y las personas que viven de ellos están en crisis. Aunque se ha progresado mucho en el plano normativo, se deben seguir implementando medidas que salven los mares del mundo, como el **Tratado Global de los Océanos**, que protegerá el 30% de las aguas internacionales frente a la industria extractiva. También debemos impedir la puesta en marcha de nuevas industrias que todavía no existen, como la minería submarina, y que generarían impactos irreversibles sobre los ecosistemas marinos. Cuidar del océano a nivel global también es cuidar del litoral, de sus hábitats, de sus especies y de la explotación sostenible de los recursos pesqueros y marisqueros, que determinan en buena medida el carácter y la cultura de muchas regiones del planeta que, como es el caso de Galicia, viven íntimamente ligadas al mar y dependen de su buena salud.

○ **Conservación y cambio climático:**

- **Asegurar el cumplimiento de los acuerdos internacionales de protección del medio marino** que establecen la necesidad de alcanzar un 30 % de los mares bajo protección y gestión eficaces, y **garantizar que el 10 % del mar quede bajo protección estricta**, libre de actividades antrópicas que puedan comprometer su salud ambiental.
- Con el objetivo de garantizar la sostenibilidad de los recursos pesqueros, estudiar la ampliación de la **red de reservas marinas consensuadamente con el sector pesquero, mejillonero y marisquero**, en aquellos lugares que se requiera por el mal estado de conservación de hábitats y especies, o por el estado de sobreexplotación y mala salud de los stocks pesqueros.
- **Crear un plan específico de protección del litoral y las aguas costeras.** Uno de los patrimonios naturales más significativos de Galicia está en crisis ambiental y productiva. El mar está azotado por la contaminación, la sobrepesca, el cambio climático, la destrucción de hábitats, etc. Es necesario proteger hábitats vulnerables, abordar el saneamiento integral de las rías, fiscalizar y penalizar de una forma disuasoria los vertidos, prohibir el turbinado de la manchas de gasoil de los guardacostas de Galicia y el vaciado al mar de los excedentes de las EDAR, así como contar con planes de emergencia efectivos para retirar los vertidos del mar, en vez de emulsionarlos para incorporarlos al medio marino.
- Exigir que los **protocolos de actuación ante los vertidos se realicen de una forma transparente** con conocimiento público de los oportunos informes de comités científico-técnicos suscritos con publicidad e independientes de decisiones políticas.

- **Elaborar un plan de restauración ecológica para las rías** que permita también la regeneración de los bancos marisqueros tradicionales y de explotación sostenible.

- **Pesca e impactos:**

- **Cambiar el marco legal de protección de las actividades pesqueras tradicionales:** Es necesario garantizar un futuro a las actividades de pesca artesanal, marisqueo tradicional y acuicultura extensiva, por su carácter sostenible, su capacidad fijadora de CO2 y por ser un pilar de la soberanía alimentaria. Para ello es necesario que se declaren de interés general y que se garantice/priorice el ejercicio de sus actividades en los Planes de Ordenación del Espacio Marítimo, frente a otros proyectos o explotaciones que puedan ocupar su espacio o afectarlas negativamente.
- **Defender la pesca artesanal, el marisqueo y la acuicultura extensiva tradicional,** con la mejora de la gestión de los recursos pesqueros y los [ecosistemas marinos](#).
- **Proteger los bancos de pesca y las concesiones del marisqueo colectivo y la acuicultura extensiva** de la introducción de actividades industriales lesivas con el medio y los recursos.
- Luchar de manera efectiva contra **el furtivismo y la introducción de marisco foráneo**, así como contra la sobreexplotación de caladeros y la pesca ilegal.
- **Abordar la problemática del relevo generacional al que se enfrenta el sector** para asegurar un futuro en la pesca y el abastecimiento de los recursos pesqueros sostenibles para la población.
- **Impedir la puesta en marcha de nuevas plantas de celulosa como Altri,** que pondría en peligro no solo el río Ulla, sino también la ría de Arousa como consecuencia de la disminución del caudal y el incremento de la contaminación y temperatura de las aguas del río.
- **Hacer frente a la contaminación generada por los lixiviados procedentes de las minas de Touro y San Finx** que siguen generando daños en la Ría de Arousa y la Ría de Noia y Muros respectivamente. Impedir la reapertura de las minas.
- **Hacer frente a la contaminación de las rías generada por los vertidos** industriales, de las EDAR's, de la ganadería intensiva y del uso descontrolado de fitosanitarios, que generan un grave daño sobre las rías por el aporte excesivo de contaminantes que no pueden asumir los ecosistemas.
- **Cambiar la normativa de vertidos a ríos y rías,** aplicando parámetros de contaminación más exigentes para amortiguar la menor tasa de renovación de las aguas en las rías, derivada del descenso del viento nordeste y consecuente menor afloramiento.
- **Cambiar la normativa de vaciado de embalses** (como la presa Barrie del Tambre y las de Portodemouros, Brandariz y Touro en el Ulla) para impedir la apertura de compuertas de las presas en mareas bajas, o realizar una apertura progresiva teniendo en cuenta las

previsiones meteorológicas. Estas prácticas están provocando bajadas repentinas de salinidad y mucha mortandad en los bancos marisqueros.

- **Incluir las enfermedades o lesiones relacionadas con el marisqueo en la seguridad social**, para dotar a las mariscadoras de los mismos derechos que en el resto de oficios.

○ **Consumo y turismo:**

- **Apoyar la cadena ecológica de proximidad** mediante la creación y mejora de centros logísticos de apoyo y distribución a la agricultura y ganadería ecológica y pesca sostenible. Ampliar los mercados agroecológicos parroquiales y de barrio y la red de mercados ambulantes (no sedentarios).
- **Poner en valor y promover la diferenciación de productos procedentes de las rías gallegas garantizando su trazabilidad** e impidiendo la comercialización de productos foráneos etiquetados como procedentes de las rías gallegas.
- **Fomentar el turismo que reconozca el valor natural, cultural y patrimonial del territorio**, con una adecuada planificación que tenga en cuenta la capacidad de carga del entorno y busque un equilibrio social y ecológico. Introducir tasas turísticas en zonas de turismo masivo.